


BOLETÍN INFORMATIVO SOCIOS/AS AGPI

Decembro 2019
Abril 2020



Boletín informativo para socios/as

Estimados socios e socias,

Este boletín ten a finalidade de informar sobre as accións realizadas pola asociación nestes meses, co obxectivo de ser o máis transparente posible e mantervos informados. Algunhas accións son máis importantes que outras, pero queremos que todo o que se fai quede reflectido e tentaremos que este boletín teña unha periodicidade trimestral. Algúns puntos están resumidos para que boletín sexa un documento abarcable, pero sí que expoñemos algunhas conclusións das accións realizadas.

Lamentablemente este ano está marcado pola crise global da COVID-19. Esta crise cambiou a situación socio-económica, afectando tamén a nosa profesión e ao mundo da cultura en xeral. Motivo polo que a AGPI reformule parte da súa estratexia, adaptándonos ás necesidades do momento e traballando na defensa dos nosos dereitos coma colectivo.

A continuación enumeramos as accións realizadas pola nova directiva dende Decembro de 2019 ata Abril de 2020.



Decembro 2019

■ Premio Castelao

Tras moito tempo reivindicando o cambio das bases do Premio Castelao de banda deseñada, este ano, tras moita insistencia pola nosa banda, a Deputación comprometeuse a modificalas. O premio pasará a ser a proxecto en lugar de a obra rematada, sendo así unha axuda á creación e facilitando que se presenten un maior número de obras.

■ Muralistas de Galicia

Moitos dos nosos socios/as realizan pintura mural. Dende a AGPI activamos un grupo de traballo enfocado ó muralismo. O pasado 13 de decembro de 2019 tivo lugar en Santiago de Compostela a primeira reunión de muralistas de Galicia, coa finalidade de poñer en común as necesidades específicas deste colectivo. Decidiuse crear un “Manual de boas prácticas” que recolla os dereitos e obrigas dos profesionais a nivel fiscal, de seguridade e riscos laborais, trato cos clientes e que teña un acceso público a través da nosa e doutras plataformas. A esta xuntanza asistiron profesionais do sector e en representación da AGPI asistiu Iria Fafián, membra da directiva.

■ Clube de Debuxo

Organizamos unha sesión de debuxo en movemento no teatro Rosalía de Castro. Asistimos a un ensaio da Compañía internacional Korsia, con moi boa acollida como están a ter en xeral estas sesións.

■ Campaña ilustradores en branco

Apoio á campaña, realizada pola APIM, que visibiliza os baixos dereitos de autor que cobramos os ilustradores. Realizouse en redes e tamén deixamos información para concienciar ós lectores en varias librarías.

■ Decálogo de boas prácticas

Documento que recolle cómo debe ser a comunicación no noso foro. Está dispoñible na nosa web e tamén se lle envía ós novos socios.

Xaneiro 2020

■ Día da Ilustración

Este ano o Día da Ilustración foi dedicado ao ilustrador Cándido Fernández Mazas. Como xa é habitual realizamos o video promocional, o cartel do evento realizado pola nosa socia Xulia Pisón e colaborouse coa exposición que tivo lugar na Biblioteca de Galicia . Podedes ver a información do evento en www.diadailustracion.gal.

Por primeira vez, contamos coa colaboración das escolas de arte que teñen o ciclo de ilustración en Galicia. Na EASD Antonio Failde de Ourense, José Luis Bouzas, experto na obra de Mazas, impartiu unha charla ao alumnado.

Tamén, na EASD Pablo da Picasso da Coruña o afamado ilustrador Jesús Cisneros impartiu unha charla aberta ó público e un taller para socios no que se esgotaron as prazas.



Febreiro 2020

■ Clube debuxo A Coruña

Realización dun novo Clube de debuxo de modelo no Museo Luis Seoane da Coruña. Esta actividade sempre ten moito éxito, e as prazas esgótanse no primeiro día (50 persoas).

■ Charla IES Adormideras

A nosa vicepresidenta Julia Lago acudiu ao Instituto de Adormideras de A Coruña para impartir unha charla informativa sobre a nosa asociación.

■ Bolsas para a participación en actividades do sector do libro

Desde a Xunta pediuse difusión pola nosa parte desta [convocatoria](#) para dar a coñecer entre os socios e non socios estas axudas, xa que o ano pasado a gran maioría quedaron desertas.

■ Reunión do Consello Asesor do Libro - Consellería de Cultura e Turismo

Asistimos a unha reunión física onde trasladamos a necesidade de ampliación de prazos para a convocatoria de bolsas para a participación en actividades do sector do libro. Posteriormente, lles enviamos diversas propostas para a mellora da experiencia nas mesmas coma o deseño e materiais promocionais dos autores nas feiras. Tamén propuxemos o Día do Cómic para a incorporación o Calendario do Libro e da Lectura. Asistimos a esta reunión representados por Minia Regos.

■ Concurso Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra

Contactamos co Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra porque as bases do [concurso](#) que organizan para o cartel do evento son incorrectas. Para participar pídese a presentación dun traballo inédito e cunha temática determinada. Propuxemos que o concurso se puidera presentar calqueira traballo, sen que teña que ser inédito e sen unha temática concreta. O gañador do concurso realizaría o cartel do seguinte ano. A negociación con eles está aberta.

■ “Libertad creativa para autores y autoras”

Apoiamos esta campaña e firmamos un comunicado de adhesión. Tedes toda a información [aquí](#).

■ Reunión FADIP en Madrid

Iria Prol, a nosa representante na FADIP, acudiu a unha reunión física en Madrid para organizar as actuacións que realizará este ano a federación.

Marzo 2020

■ Clube de Debuxo de Vigo

As socias Laura Cochón e Montse Piñeiro, animáronse a facer o clube de debuxo tamén en Vigo. Neste caso acudiron a unha piscina a debuxar durante o entreno dun equipo de waterpolo. Tamén estaba programada unha sesión de debuxo de modelo que tivo que ser cancelada polo estado da alarma.

■ Encontro de ilustración no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra

Este evento foi cancelado polo estado de alarma. O encontro incluía a charla “O poder de asociarse” e a mesa redonda “Un ilustrador na miña cidade. Crear comunidade” cos ilustradores pontevedreses Berto Fojo, Natalia Umpierrez, Diego Estebo e Bea Lema moderando. Agardamos poder reprogramar estas actividades.

■ Enquisa sobre o efecto da COVID-19 no sector

En coordinación coa FADIP realizamos unha enquisa para coñecer como nos está a afectar ós profesionais da ilustración a crise da COVID-19. Estas enquisas poranse en común coa FADIP e elaborárase un informe a nivel nacional para compartir co sector e envialo á administración.

■ Propostas de acción e de medidas dirixidas ao sector cultural galego polas consecuencias da COVID-19

O 20 de marzo un total de 17 asociacións do sector cultural galego unímonos para enviar un documento á Xunta con medidas de urxencia como resposta a crise da COVID-19.

O pasado 22 de abril foi reenviado debido a que non houbo resposta por parte da administración. Podes consultar [aquí](#) un resume das propostas.

■ Aluguer Local. Rebaixa

Contactamos coa dona do local da AGPI para que nos condone o aluguer debido ao confinamento. Por agora pactamos dous meses sen pagar e cando acaben volveremos falar para ver cómo está a situación. Por agora supón un aforro duns 800 euros.

■ Tradución do documento da Apic “A ilustración no sector editorial do libro”

Tradución do interesante informe realizado pola APIC e subido á nosa web.

Abril 2020

■ Reunión coa Consellería de Cultura e Turismo

O pasado 6 de abril a AGPI tivo unha videoconferencia co conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, o director xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García. A reunión enfocouse nas consecuencias da crise da COVID-19 no sector do libro e tamén estiveron presentes a Asociación Galega de Editoras, a Asociación Galega de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Federación de Librarías de Galicia. Tivemos a oportunidade de expoñer as problemáticas específicas do sector en relación ó libro, medidas tamén recollidas no documento que dende FADIP se enviou ó Ministerio de Cultura.

Posteriormente solicitamos ó conselleiro de Cultura e Turismo unha nova cita onde poder reunirnos para falar únicamente das necesidades do sector da ilustración, a animación e o muralismo. Reivindicamos que a nosa profesión abrangue moitos campos de traballo e non únicamente o do libro. Xunto con esta petición adxuntamos un documento que recolle medidas concretas a desenvolver en colaboración coa Xunta, como o lanzamento dunhas bolsas de creación e a axudas para o asesoramento legal da nosa asociación, para así dar unha mellor cobertura ós socios.

■ FADIP

Dende o lanzamento da campaña #ilustraciónenlucha, a FADIP está a facer un traballo moi intenso durante esta crise. O 17 de abril o seu presidente, Daniel Crespo, tivo unha reunión co Ministro de Cultura onde lle trasladou a problemática do sector. Para coñecer os detalles e as medidas propostas visita a [web](#) da federación.

■ Reunión EIF - The European Illustrators Forum

A EIF, organización da que formamos parte, reuniuse por videoconferencia para avaliar as medidas tomadas polos diferentes países da unión Europea e elaborar un plan de acción conxunto. A esta reunión asistiu a nosa socia Iria Prol coma representante da AGPI.

■ Baixa internet R

O local da AGPI ten un gasto de internet e teléfono de 66 euros mensuais. Debido a que está baleiro e sen actividade demos de baixa este servizo.

Abril 2020

■ Documento sobre concursos

Realizamos un documento de boas prácticas sobre concursos, para informar tanto ós ilustradores como ós propios convocantes dos concursos. Pronto a subiremos á web.

■ Relevo da secretaría técnica

Lamentablemente o noso secretario técnico ata a data, Henrique Torreiro levaba xa un tempo querendo deixar o cargo. Tivemos unha reunión física con él na que o confirmou. Henrique preparou varios documentos explicativos e instrucións para o novo secretario técnico, que será o noso socio Leo Sousa, un ilustrador con experiencia no traballo con outras asociacións.

■ Informe AGPI sobre a crise da COVID-19

Realización dun documento coas conclusións da enquisa realizada. Este [documento](#) foi compartido nas nosas redes e na nosa web.

■ Dende a FADIP apoiamos e difundimos o movemento SOS Sector Gráfico e a campaña da Vegap, SOS ARTE/CULTURA.

■ Apoiamos a campaña "Mollámonos polo libro"

Unha iniciativa das Bibliotecas Municipais da Coruña coa que queren mostrar o seu apoio ó difícil momento que está a pasar o sector do libro.

■ Contacto co Bloque Nacionalista Galego

O BNG contactou coa AGPI para coñecer o estado do sector. Remitíuselles ós resultados da enquisa, así como as medidas propostas pola FADIP ó Ministerio de Cultura e Deporte.

■ Realización dun manual de identidade e renovación da imaxe gráfica

Trátase dun manual que marca as normas para crear unha imaxe gráfica unificada e coherente. Estamos a traballar nun novo logotipo corporativo, deseño tipográfico, un estilo comunicativo para as redes sociais. Queremos arranxar algúns problemas da web sen ter que facer unha nova, xa que sería moi custoso.

Tamén estamos a traballar no deseño e contido de novas campañas informativas sobre a nosa asociación e problemáticas do sector e estamos a organizar un arquivo con ilustracións doadas polos socios para poder utilizar nas nosas redes. Moi pronto poderedes ver os resultados.

■ Creación dunha estrutura organizativa online

Creación dun arquivo común e online (Google Drive) para todos os membros da directiva. Éste contén todos os documentos relacionados coa asociación, mellora a organización interna e facilita o acceso á información ordeada e detallada. Ademáis de facilitar a continuidade nas liñas de traballo e proxectos dunha directiva a outra.

